



Confederación Intersindical Galega
ADMINISTRACION PUBLICA

C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA

PERDA DE PODER ADQUISITIVO DOS FUNCIONARIOS PÚBLICOS

Estamos a ver ano tras ano, como os funcionarios públicos perdemos poder adquisitivo. Para o 2010 o incremento do noso salario será do **0,3%** coa Administración e os sindicatos CCOO, UGT e CSI-CSIF como responsables, por asinar un acordo para todos os funcionarios que facilitará que , un ano máis, sigamos a perder cartos.

Segundo podedes comprobar, a perda de poder adquisitivo dos funcionarios é máis do **42%** para o período 1982-2007.

ANO	IPC	Incremento salarial	Perda
1982	14,00%	8,00%	-6,00%
1983	12,20%	9,00%	-3,20%
1984	11,90%	6,50%	-5,40%
1985	8,20%	6,50%	-1,70%
1986	8,30%	7,20%	-1,10%
1987	4,60%	5,00%	0,40%
1988	5,80%	4,00%	-1,80%
1989	6,90%	4,00%	-2,90%
1990	6,50%	6,00%	-0,50%
1991	5,50%	7,22%	1,72%
1992	5,30%	6,10%	0,80%
1993	4,90%	1,80%	-3,10%
1994	4,30%	0,00%	-4,30%
1995	4,30%	3,50%	-0,80%
1996	3,50%	3,50%	0,00%
1997	2,10%	0,00%	-2,10%
1998	2,10%	2,10%	0,00%
1999	2,40%	1,80%	-0,60%
2000	4,00%	2,00%	-2,00%
2001	3,10%	2,00%	-1,10%
2002	4,00%	2,00%	-2,00%
2003	2,60%	2,00%	-0,60%
2004	3,20%	2,00%	-1,20%
2005	3,70%	2,00%	-1,70%
2006	2,70%	2,00%	-0,70%
2007	4,20%	2,00%	-2,20%
PERDA ACUMULADA			-42,08%

Enfrontamos a negociación colectiva nas Administracións públicas para o 2010 nun contexto de fonda crise económica, cun aumento significativo do número de parados, e no que gran cantidade de empregadas e empregados públicos teñen uns salarios inferiores a 1000 euros /mes, así como unha situación progresiva (agás o último ano) de perda de poder adquisitivo, xa que os incrementos salariais (IPC previsto) eran inferiores á inflación real.



Confederación Intersindical Galega
ADMINISTRACION PUBLICA

C.IG. AXENCIA TRIBUTARIA

Igualmente levamos varios anos con límites á taxa de reposición de efectivos, e a conseguinte diminución do emprego público. Ademais pensamos que se debe dar un pulo importante á mellora dos servizos públicos.

Por iso, desde a Área Pública da **CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA**, queremos facer, entre outras, as seguintes propostas para mellorar:

- A situación do emprego público
- A calidade dos servizos públicos
- As condicións de vida e traballo das empregadas e empregados públicos

Emprego público:

- Ofertas de Emprego Público suficientes, que teñan en conta a necesidade de revisar os cadros de persoal dos centros para adaptalos ás necesidades actuais
- Reposición, como mínimo, do 100% das baixas de efectivos.
- Desenvolvemento normativo que permita a xubilación anticipada e parcial para as empregadas e empregados públicos.

Calidade dos servizos públicos:

- Desenvolver a formación dos empregados públicos
- Incorporar novos efectivos como consecuencia da incorporación das medidas que propoñen en materia de Emprego Público.
- Plans de mellora das instalacións e medios técnicos
- Carreira profesional axeitada ás necesidades das AAPP e sistemas de promoción que permitan implicar ás traballadoras e traballadores.

Condicións de vida e traballo das empregadas e empregados públicos:

- Incremento salarial igual á media da suba dos convenios colectivos dos traballadores/as do ano anterior, cun plan de recuperación do poder adquisitivo nos vindeiros anos e cláusula de revisión.
- Incorporación dos plans de pensións na masa salarial, para acometer, en tempos de crise, un incremento salarial digno.
- Xornada efectiva en todas as Administracións Públicas de 35 horas, coa seguinte creación de emprego
- Descentralización da negociación colectiva

Estas son as propostas que a **CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA** defendeu na Mesa de Negociación para as empregadas e empregados públicos, tomando a decisión de non asinar o acordo retributivo para o 2010.

SEGUIREMOS INFORMANDO

CIG-AEAT:

DELEGACIÓN AEAT A CORUÑA

Comandante Fontanes, 10-sót. - A Coruña

TELF: 981 61 68 89-EXT.: 868 89//FAX 981 12 72 22

cigaeat@gmail.com

WWW.CIGAEAT.COM